

## REPASO ORTOGRÁFICO E GRAMATICAL 1

### 1.1. ACENTUACIÓN

1. **AGUDAS.** A sílaba tónica é a última Ex. : *chofer, chinés*

- Acentúanse as palabras polisílabas rematadas en **-vocal (+ n, s, ns)**: *mamá, cafés, algún, peóns*.
- Non levan acento ortográfico:
  - a) *Monosílabos: leis, el, ti*.
  - b) As rematadas en *ditongo decrecente (+ n, s)*: *papeis, colleu, ameí, tomou, pediu, azuis*.
  - c) As rematadas noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s*: *cantar, nariz, arroz*.

2. **GRAVES.** A sílaba tónica é a penúltima. Ex. : *atmosfera, biosfera, heroe*

Levan acento ortográfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: *álbum, móvil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter*. Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*.

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, dolmens*.

3. **ESDRÚXULAS.** A sílaba tónica é a antepenúltima.

Todas levan acento ortográfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite*.

4. **Ditongo** é a combinación de dúas vogais que forman parte da mesma sílaba. Para que dúas vogais contiguas poidan constituír ditongo débense dar as seguintes condicións:

Unha das vogais debe ser aberta ou media (a, e, o) e a outra fechada (i, u) ou ben as dúas fechadas.

5. **Hiato.** Cando dúas vogais van xuntas e non cumpran algunha das condicións anteriores prodúcese un **hiato**, e polo tanto forman sílabas diferentes.

Tendo isto en conta, fórmase **ditongo** en *cantou, ciencia, puido, puideron, abriu, lingüístico*; pola contra **non forman ditongo senón hiato** *doa, lúa, muíño, ruído*.

A existencia de ditongo ou hiato reflíctese nas **normas ortográficas de acentuación**:

- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente non levan acento gráfico: *colleu, abriu, amou...*
- Acentúanse as agudas rematadas en ditongo crecente, seguido ou non de *-n* ou *-s*: *avión, anciá, anciáns...*

Independentemente das regras anteriores, levan acento ortográfico as vogais *i, u* tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais non forman ditongo: *aínda, baúl, caída, Coímbra, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo...* (i, u non se acentúan cando entre elas e a átona aparece un h: *prohibes*)

6. **Estranxeirismos e latinismos:** seguen as normas anteriores.

7. **OBSERVACIÓNS.**

7.1. As **maiúsculas** levan acento ortográfico.

7.2. Non levan acento ortográfico os **adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral *un*.**

7.3. Tampouco o levan os **interrogativos e exclamativos:** *Como che vai? Onde estás? Preguntoulle cal quería.*

7.4. O pronome posposto ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o acento diacrítico: *cóntallo, éme igual, dálle.*

Acentos **DIACRÍTICOS**.

|                                                  |                                                                 |
|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| <b>á</b> (a +a, substantivo)                     | <b>a</b> (artigo, pronome, preposición)                         |
| <b>ás</b> (a +as, substantivo)                   | <b>as</b> (artigo , pronome )                                   |
| <b>bóla</b> (esfera )                            | <b>bola</b> ( peza de pan )                                     |
| <b>cá</b> (ca + a )                              | <b>ca</b> (conxunción)                                          |
| <b>cás</b> (ca + as )                            | <b>cas</b> (presposición)                                       |
| <b>Chá</b> ( plana)                              | <b>cha</b> ( che + a )                                          |
| <b>chás</b> (planas)                             | <b>chas</b> (che + as )                                         |
| <b>có</b> (ca + o )                              | <b>co</b> (con + o)                                             |
| <b>cós</b> (ca + os, substantivo)                | <b>cos</b> (con + os )                                          |
| <b>cómpre</b> (é mester)                         | <b>compre</b> (merque)                                          |
| <b>cómpren</b> (son mester )                     | <b>compren</b> (merquen)                                        |
| <b>dá</b> verbo ( <i>dar</i> )                   | <b>da</b> (de + a )                                             |
| <b>dás</b> verbo ( <i>dar</i> )                  | <b>das</b> (de + as)                                            |
| <b>dó</b> (compaixón)                            | <b>do</b> ( de + o )                                            |
| <b>é</b> (verbo <i>ser</i> )                     | <b>e</b> (conxunción)                                           |
| <b>fóra</b> (adverbio)                           | <b>fora</b> (verbos <i>ser</i> e <i>ir</i> )                    |
| <b>má</b> ( ruín)                                | <b>ma</b> ( me + a )                                            |
| <b>más</b> (ruíns)                               | <b>mas</b> (me + as )                                           |
| <b>maís</b> (adverbio)                           | <b>mais</b> ( conxunción)                                       |
| <b>nó</b> (substantivo)                          | <b>no</b> (en + o )                                             |
| <b>nós</b> ( pronome tónico, substantivo)        | <b>nos</b> (pronome átono, en +os)                              |
| <b>ó</b> (ao)                                    | <b>o</b> (artigo, pronome )                                     |
| <b>ós</b> (aos)                                  | <b>os</b> (artigo, pronome )                                    |
| <b>óso</b> (do corpo)                            | <b>oso</b> ( animal)                                            |
| <b>pé</b> (parte do corpo )                      | <b>pe</b> (letra)                                               |
| <b>póla</b> (rama)                               | <b>pola</b> (galiña, por + a )                                  |
| <b>pór</b> ( poner)                              | <b>por</b> (preposición)                                        |
| <b>présa</b> (apuro)                             | <b>presa</b> (prendida, presada)                                |
| <b>sé</b> (verbo <i>ser</i> , sede eclesiástica) | <b>se</b> (conxunción, pronome)                                 |
| <b>só</b> (adxectivo e adverbio)                 | <b>so</b> (preposición)                                         |
| <b>té</b> (infusión)                             | <b>te</b> (letra, pronome)                                      |
| <b>vén</b> ( presente de <i>vir</i> )            | <b>ven</b> (presente de <i>ver</i> , imperativo de <i>vir</i> ) |
| <b>vés</b> (presente de <i>vir</i> )             | <b>ves</b> (presente de <i>ver</i> )                            |
| <b>vós</b> (pronome tónico)                      | <b>vos</b> ( pronome átono)                                     |